

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 3 de abril de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de marzo de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Pablo Olmos Pita (asiste ao punto 1e)
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1d)
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Riesgo Boluda (asiste ao punto 1e)
D. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2a, 4a e 4b)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 11a)
D. Luis Cadarso-Rodríguez de la Peña (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 13 de marzo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 13 de marzo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Corrección da acta da sesión do 18 de xaneiro de 2017

Apróbase a corrección do punto 5a da acta da sesión do 18 de xaneiro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 16 de marzo de 2017

Apróbase a acta da sesión do 16 de marzo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

d) Acta da sesión do 20 de marzo de 2017

Apróbase a acta da sesión do 20 de marzo de 2017 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Alberto Escariz Couso, D^a. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

e) Acta da sesión do 27 de marzo de 2017

Apróbase a acta da sesión do 27 de marzo de 2017 cos votos de D. Pablo Olmos Pita, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332) (emenda de documentación)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de marzo de 2017, se requiriu o mesmo día a varios licitadores que emendasen a súa declaración responsable. No prazo concedido que remataba o 31 de marzo de 2017 presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. TERMOCALOR VIGO, S.L.
2. INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LÉREZ, S.L.U.
3. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
4. ELECNOR, S.A.
5. VALORIZA FACILITIES, S.A.U.
6. MONCOBRA, S.A.

Non presenta a documentación en prazo a empresa ANCIN CLIMA, S.A., por un erro no enderezo electrónico que impidiu que recibise o requirimento. Tras requirirse novamente ao enderezo correcto, o 3 de abril de 2017, a citada empresa presenta o mesmo día a documentación.

Tras a cualificación da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. TERMOCALOR VIGO, S.L.
2. INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LÉREZ, S.L.U.
3. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
4. ELECNOR, S.A.
5. VALORIZA FACILITIES, S.A.U.
6. MONCOBRA, S.A.
7. ANCIN CLIMA, S.A.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:52	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A843-E8C65H-B721AB-ESLS53-QHEPKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo total	Incremento mantemento correctivo anual (mín. 6.000€/ano)	Presenta orzamento desglosado
1	TERMOCALOR VIGO, S.L. ¹	122.200,00 €	1.000,00 €	Si
2	AINE MANTENIMIENTO Y CONTROL INTEGRAL, S.L.U.	124.630,00 €	6.000,00 €	Non
3	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	123.134,24 €	6.000,00 €	Non
4	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	124.800,01 €	0,00 €	Si
5	INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ, S.L.U.	104.060,00 €	6.000,00 €	Non
6	MONCOBRA, S.A.	113.691,41 €	2.000,00 €	Non
7	CLECE, S.A	103.760,33 €	6.000,00 €	Si
8	COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.	101.870,92 €	6.000,00 €	Si
9	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. ²	94.379,46 €	6.000,00 €	Si
10	ANCIN CLIMA, S.A. ³	116.999,74 €	1.000,00 €	Si
11	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)	96.124,91 €	6.000,00 €	Si
12	ELECNOR, S.A.	117.377,00 €	6.000,00 €	Non

¹ TERMOCALOR VIGO, S.L. formula un “prezo total do contrato” de 61.100 euros, se ben no orzamento desglosado que presentan consta expresamente que ese prezo ten carácter anual, polo que se deduce que o prezo total ofertado para os dous anos é de 122.200 euros.

² IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L formula un “prezo total do contrato” de 47.189,73 euros, se ben do orzamento desglosado que presentan se deduce que ese prezo ten carácter anual, polo que o prezo total ofertado para os dous anos sería de 94.379,46 euros.

³ ANGIN CLIMA, S.A. formula un “prezo total do contrato” de 58.499,87 euros, se ben do orzamento desglosado que presentan se deduce que ese prezo ten carácter anual, polo que o prezo total ofertado para os dous anos sería de 116.999,74 euros.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e requirir aos seguintes licitadores a



presentación do orzamento desglosado esixido na cláusula 13.5C e no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. AINE MANTENIMIENTO Y CONTROL INTEGRAL, S.L.U.
2. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.
3. INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ, S.L.U.
4. MONCOBRA, S.A.
5. ELECNOR, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa presentes na sesión se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido neste procedemento. Ningún manifesta ter conflito de intereses con NEW LINK EDUCATION, S.L.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo contrato/prezo unitario por alumno	Alumnos a maiores dos contemplados	Monitores a maiores dos requiridos	% monitores que acrediten nivel inglés superior ao B2	Coberturas do seguro de responsabilidade e civil e accidentes a maiores das requiridas	Melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora perfeccionamento lingua inglesa	
						Horas de duración	Redución alumnos do ratio alumno/profesor
NEW LINK EDUCATION, S.L.	195.663,00 € / 2.249 euros	10	0	100%	3	10	5

A empresa presenta o orzamento desglosado esixido na cláusula 13.5C e apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (informe sobre B e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 23 de marzo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:52	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A843-E8C65H-B721AB-ESLS53-QHEPKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 23 de marzo de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) na seguinte orde descendente:

LICITADOR		PUNTOS TOTAIS
1	OH VIGO, S.L.	100
2	VIGO EVENTOS, S.L.	95,39
3	RESTAURACIÓN A-52, S.L.	94,01
4	UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	93,6
5	CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	93,58
6	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	93,38
7	RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	93,27
8	ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	85,69
9	MONTAS Y CREPPS, S.L.	85,69
10	DRINKS ATLANTIC, S.L.	82,41
11	ANA VÁZQUEZ GIL	53

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado, do subministro de vestiario para o persoal municipal.

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI”

	Licitadores	Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	91,20 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	86,60 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:52	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A843-E8C65H-B721AB-ESLS53-QHEPKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

- Lote 2 "Uniformidade xeral"

	Licitadores	Puntuación
1º	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	94,60 puntos
2º	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.	93,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (1 e 2), PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar en ambos os dous lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. o día 23 de marzo de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, para os dous lotes, é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., de acordo cos informes



de valoración da oferta técnica e económica do 2 de febreiro e 10 de marzo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., os lotes 1 e 2 do procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI” é de 27.109,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.709,90 euros, cos prezos unitarios sinalados na súa oferta.*
- O prezo do lote 2 “Uniformidade xeral” é de 21.186,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.677,02 euros, cos prezos unitarios sinalados na súa oferta.*
- Propón unha redución do prazo parcial para o proceso de tallado do persoal vinculado ao subministro do vestiario (10 días naturais) de 5 días naturais.*
- Propón unha redución do prazo parcial de entrega das prendas (10 días naturais) de 5 días naturais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

16.- Criterios de actuación da Mesa

a) Proposta para delegar na Secretaría da Mesa a posibilidade de conceder ampliacións de prazos cando se produzan incidencias técnicas nas comunicacións entre os licitadores e o Concello de Vigo por causas imputables a este

A Mesa acorda, por unanimidade, delegar na Secretaría da Mesa a posibilidade de conceder ampliacións de prazos cando se produzan incidencias técnicas nas comunicacións entre o os licitadores e o Concello por causas imputables a este.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:52	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A843-E8C65H-B721AB-ESLS53-QHEPKY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

